



Concello de Vigo
Expte. 1789/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 8

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de XUÑO de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (Ordinaria do 25 de abril de 2018).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

2.- Aprobación inicial de modificación orzamentaria nº 29/2018. Crédito extraordinario. Expte. 54/142 (Rexistro Pleno 1787/1101).

Mocións:

3.- Moción do grupo municipal de Marea de Vigo, instando ao Goberno do Estado as accións oportunas que permitan aos concellos por onde transcorre a AP-9, reclamar o pago íntegro do IBI por parte de Audasa, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1791/1101.

4.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a establecer un convenio anual co Concello de Vigo en consideración á cidade máis importante de Galicia, en equivalencia ao conveniado por concepto de capitalidade á cidade Santiago de Compostela. Rexistro Pleno 1792/1101.

5.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a formalización dun convenio co Concello de Vigo de apoio ao conxunto das Festas de Vigo ao longo de todo o ano. Rexistro Pleno 1793/1101.

6.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á consellería de Sanidade a garantir a asistencia pediátrica no propio centro de saúde de Coruxo, e se non é capaz de garantir este dereito, solicitamos a dimisión do conselleiro de Sanidade. Rexistro Pleno 1794/1101.

PARTE DE CONTROL

- 7.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 8.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

Mocións.

- 9.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a comparecencia ante o Pleno da Corporación da concelleira delegada de Política Social, co obxecto de dar explicacións en relación ao caos e colapso do departamento. Rexistro Pleno 1613/1101.
- 10.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Alcalde a reunirse cos veciños de Torrecedeira para escoitar as súas demandas, así como a abrir outro albergue na cidade ante a saturación do existente e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1790/1101.

11.- Formulación de rogos.

12.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E SETE, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Am

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica
A SECRETARIA ACCTAL DO PLENO,
M^a Concepción Campos Acuña.